

FRANÇOIS MAURIAC

# Thérèse Desqueyroux

Traducido por Xavier Senín



Hugin e Munin

Señor, ten piedade, ten piedade dos tolos e mais das tolas! Oh, Creador! Poden existir os monstros aos ollos de Quen só sabe por que existen, como *se fixeron* e como poderían *non facerse*?

CHARLES BAUDELAIRE<sup>1</sup>

Thérèse, moita xente dirá que non existes. Pero eu sei que existes, eu, que dende hai anos te espreito e, adoito, te deteño ao pasar, desenmascárote.

Cando era adolescente, lémbrome de ver, na atafegante sala dun tribunal de xustiza, a mercé dos avogados ben menos feroces ca as damas emperiquitadas, o teu pequeno rostro albo e sen beizos.

Máis tarde, no salón dunha aldea, apareciches ante min baixo os trazos dunha moza atordada á que asañaban os coidados das súas vellas parentes, dun marido inxenuo. «Pero que é o que ten?», dicían. «Se non deixamos que lle falte de nada».

Dende aquela, cantas veces levo admirado, na túa fronte ampla e fermosa, a túa man un pouco grande de máis! Cantas veces, a través dos barrotes vivos dunha familia, te vin andar derredor, a paso de loba. E ti fitábasme coa túa mirada maligna e triste.

---

<sup>1</sup>O autor abre a novela co final dun dos *Petits Poèmes en prose* (1869) de Charles Baudelaire, o intitulado «Mademoiselle Bistouri». Empregamos a tradución de Xela Arias, tomada de *O spleen de París* (Biblioteca Virtual de Literatura Universal en Galego, 2003).

Moitos estrañaranse de que lograrse imaxinar unha criatura aínda máis odiosa ca todos os meus demais heroes. Sabería eu dicir algo dos seres desbordantes de virtude e de corazón xeneroso? «Os de corazón xeneroso» non teñen historia, mais si coñezo a dos corazóns sepultados e mesturados por enteiro cun corpo de lama.

Arelaría que a dor, Thérèse, te entregase a Deus; durante moito tempo ansiei que foses digna do nome de santa Locusta<sup>2</sup>. Pero algúns que, no entanto, cren na caída e a redención das nosas almas atormentadas, acusaríanme de sacrílego.

Polo menos, nesa beirarrúa onde te abandono, teño a esperanza de que non estás soa.

---

<sup>2</sup>Locusta foi unha destacada preparadora de venenos que viviu no século I e mesmo formou algúns pupilos. Como escrava romana ao servizo da emperatriz Agripina, disque participou no asasinato do home desta, Claudio. Posteriormente, Nerón solicitou os seus servizos para envelenar o seu irmán adoptivo Británico e, tras o éxito acadado, recompensouna con propiedades. Tras a morte de Nerón, foi executada polo seu sucesor, Galba. A súa carreira é descrita polos historiadores Tácito, Suetonio e Dión Casio, e tamén é mencionada por Xuvenal nas súas *Sátiras*. Ademais, na novela *Le comte de Montecristo* (1844), de Alexandre Dumas, a especialista en venenos Madame de Villefort é frecuentemente comparada con Locusta.

## I

O avogado abriu unha porta. Thérèse Desqueyroux, naquel corredor escondido do Palacio de xustiza, sentiu no rostro a calixe e aspirouna profundamente. Agoniábaa que agardasen por ela, dubidaba se saír. Un home, co colo levantado, afastouse dun plátano; recoñeceu o seu pai. O avogado berrou: «Sobresemento», e volvéndose cara a Thérèse:

—Pode vostede saír, non hai ninguén.

Ela baixou os chanzos mollados. Si, a praciña semellaba deserta. O seu pai non a bicou, nin tan sequera lle dirixiu unha ollada; interrogaba o avogado Duros, que respondía a media voz, coma se os espiasen. Oía confusamente as súas palabras:

—Mañá recibirei a comunicación oficial co anuncio do sobresemento.

—E xa non pode haber sorpresas?

—Non. Como adoita dicirse, aquí non hai máis que rañar.

—Despois da declaración do meu xenro, víase vir.

—Iso de que se vía vir... Nunca se sabe.

—Tendo en conta que, segundo el mesmo confesou, nunca contaba as gotas...

—Ben sabe, Laroque, que nesta clase de asuntos o testemuño da vítima...

Alzouse a voz de Thérèse:

—Vítima non houbo.

—Quería dicir vítima da súa imprudencia, señora.

Os dous homes observaron durante un intre a moza, inmóbil, engruñada no abrigo, e aquel rostro de leite fervido que non expresaba nada. Preguntou onde estaba o coche. O seu pai mandáralo esperar na estrada de Budos<sup>3</sup>, fóra da vila, para non chamar a atención.

Atravesaron a praza: víanse follas de plátano apegadas aos bancos enchoupados de choiva. Por sorte, os días degaxaran. Polo demais, para chegar á estrada de Budos, cabe seguir as rúas máis desertas da subprefectura. Thérèse camiñaba entre os dous homes aos que lles sacaba unha cabeza e que volvían discutir coma se ela non estivese presente; molestos por aquel corpo de muller que os separaba, empurrábana co cóbado. Daquela foise quedando un pouco atrasada e quitou a luva da man esquerda para arrincar a carriza das vellas pedras dos laterais polos que pasaba. Cadora e cando adiantábaa un obreiro en bicicleta ou unha carreta. O bulleiro que chapicaba obrigábaa a arrimarse ao valado. Pero o crepúsculo agochaba a Thérèse e impedía que os homes a recoñecesen. O cheiro a artesa e a brétema xa non era para ela tan só o cheiro do serán nunha pequena vila: descubría nel o perfume da vida que, por fin, lle devolvían. Pechaba os ollos ante o sopro da terra durmida, herbácea e mollada; esforzábbase por non escoitar as palabras do homiño de pernas curtas e arqueadas que nin unha soa vez se volveu cara á filla. Podería caer na beira

---

<sup>3</sup>O relato desenvólvese nas Landes, na subprefectura onde Mauriac pasaba as vacacións durante a súa infancia. Algunhas vilas son perfectamente recoñecibles, namentres que outras responden á invención do autor para disimular os lugares reais. Así, Budos é unha poboación bastante afastada de Bazas, onde, aínda que non se indique, ten lugar a escena. Páxinas máis adiante, denomínase cun B.

